

“Cantamos en galego porque a lingua non debe ter complexos”

## ENTREVISTA - XOSÉ ANTÓN BOCIXA

“Cantamos en galego porque a lingua non debe ter complexos”

**20.08.2006** A banda cercedense Zënzar é un dos grupos máis veteranos do rock en Galicia, un dos poucos que nunca deixou de facer música en galego. Despois de case 20 anos en activo, Manolo García á batería, Mario Grela á guitarra, Tabe ao baixo, e Xosé Antón Bocixa, á voz, están a presentar o seu último disco, ‘Segue... e dalle’, unha declaración de intencións para non deixar afundir o batiscafo

TEXTO: V. OLIVEIRA FOTOS: ZËNZAR



FOTO: GH

“Da terra das sombras e da escuridade...” Así nacía na Meirama de 1987 a banda de rock Zënzar, que nun principio se deu en chamar Mordor na honra da obra de Tolkien, O señor dos aneis. Con doce discos ás súas costas e despois de catro anos de silencio –o último foi Rockanrol, en 2002–, agora volven con Sigue... e dalle, o traballo máis elaborado no que nos deixan as súas señas de identidade, rock en galego que fala da súa resistencia, do maltratamento ás mulleres, e non abandonan o narcocorrido mexicano.

Pasaron catro anos dende o voso traballo anterior, ‘Rockanrol’ a este ‘Segue... e dalle’, ¿a que se debeu este parón?

Pois a verdade é que non nos preocupa a regularidade. Durante case estes vinte anos, sempre sacamos un disco cando nos apetecía así que nunca miramos canto tardamos en sacar novos discos.

¿En que momento do grupo nace ‘Segue... e dalle’?

Nós tocamos en épocas nas que era moi difícil tocar, pero agora este disco sae nun momento no que estamos moi tranquilos e relaxados. Nestes catro anos, Silveira, o guitarrista, deixou o grupo, pero o resto, agás o novo guitarrista, seguimos sendo os mesmos de hai 19 anos. É certo que cando Silveira marchou pensamos incluso deixar o grupo, pero ó final, decidimos seguir e así nos foron saíndo as cancións, nun momento no que non nos preocupaba moito cal sería o resultado do disco.

¿Por que ‘Segue... e dalle’?

Porque levamos 19 anos na música e aquí seguimos. ‘Segue... e dalle’ está na letra dunha das cancións e non quixemos pensar máis o título do disco.

É o disco máis elaborado da vosa carreira.

Si, eu diría que é o disco de Zënzar. Está máis traballado, tivemos moito máis coidado nos coros, traballamos máis os arranxos e as melodías. Sen querer, saíunos un disco máis aberto a todos os

**“Cantamos en galego porque a lingua non debe ter complexos”**

públicos.

Un traballo no que a vosa seña de identidade segue sendo o galego, supoño.

Si, o galego é a lingua que utilizamos por varias razóns: primeiro porque é a lingua que falamos e segundo porque entendemos que a nosa lingua non debe estar suxeita a complexos. A xente dinos que é difícil facer música en galego, pero están a falar dunha cuestión de mercado. O galego pode ir a calquera lugar, pero non ten moita repercusión.

¿En que situación dirías que está a música que se fai en galego?

Agora mesmo as cousas están cambiando. Por exemplo, a Radio Galega está deixando que os grupos soen máis. Fíxate, antes, a nós, que levamos xa case vinte anos de vida, a anterior Radio Galega entrevistounos só unha vez. A Televisión de Galicia ten pendentes cousas coa música en galego: nesta canle parece que o rock en galego non existe. Dáselle saída ao rock noutras linguas, agás ó galego.

¿Cal cres que é o problema?

Eu foi algo que sempre pensei moito e creo que o problema está na xente que traballa nos medios de comunicación para a que o galego non ten demasiada importancia. Hai xente que segue pensando que o galego é unha lingua rexional, como se pensaba hai 30 anos.

Pero vós nunca dubidáchedes en cambiar de lingua.

Non, nós seguimos porque sempre tivemos claro que había que facer rock en galego, para normalizalo na música e na fala. Ademais, estamos moi orgullosos de ser da aldea e de falar galego.

Fóchedes un dos primeiros grupos que impulsou a creación da Asociación de Músicos en Lingua Galega (Amelga).

Si, fomos un dos grupos que máis pelexou para crear Amelga. Interesábanos estar organizados pero eramos seis tolos que non conseguimos o apoio dos músicos galegos aos que non lles interesou estar en Amelga. Naquel momento estivo ben creala, pero agora creo que fai menos falta. En todo caso, sería interesante que se crease para que a xente se una, non para separala.

¿Por que dis que agora non fai falta tanto Amelga?

Agora creo que non fai falta porque todos se organizan para presentar os seus proxectos e vender os seus discos. É unha guerra porque hai músicos que fan programas de radio e hai moito amiguismo e intrusismo.

¿A través de que medios distribuídes este traballo?

Este disco distribúeo a catalá Dismedi para toda España e Portugal. E tamén temos os discos na rede, na nosa web na que ofrecemos moita información e fotos. Para nós, internet é algo moi importante aínda que as multinacionais e a SXAE se empeñen en anunciar a morte da música. Internet e o eMule traerán a morte das grandes multinacionais. O triste é que están apoiadas polo Goberno español. Cadaquén é libre de facer o que queira pero é moi duro o que está pasando coa SXAE. Ó final, todo o mundo protesta pero a maioría é socio da SXAE e cobra dea, aínda que sexa unha miseria.

¿Onde está o futuro da música?

Para nós, o futuro da música está nos escenarios e nos directos e a promoción, en internet. Os medios de comunicación teñen tamén moita importancia para dar a coñecer o noso traballo. Hai unha falta de miras máis amplas e desinterese por coñecer todo o panorama musical.

¿Que botas de menos na música galega?

Hoxe en día hai moitos grupos novos que están facendo de todo: rock, rap, música tradicional... O que pasa é que hai un circuíto moi pequeno no inverno e un exceso de festivais no verán que tampouco dá para moito. Boto de menos un circuíto estable, no que poidamos saír fóra, que os medios de comunicación nos teñan en conta e que a institución galega gaste un pouco máis os cartos con cabeciña

**“Cantamos en galego porque a lingua non debe ter complexos”**

para que non se nos ignore. Hai que respectar o que hai aquí.

O compromiso é outra das señas de identidade de Zēnzar, ¿está presente tamén neste disco? Si, por suposto, no disco hai rock en galego que fala de cousas de aquí. Tratamos temas como a resistencia no rock, iso de seguir tocando a pesar da censura da nosa música, os problemas das mulleres como o maltratamento e a necesidade de que tomen a iniciativa, ou a guerra que sempre está presente. Pero tamén temos cancións como Tiven un bar que fala do que supón ter un bar rockeiro, ou unha gravación en galego e castelán dun narcocorrido. Hai unha semana, unha discográfica colombiana, non sei como, contactou con nós e pedíanos se podían editar alí algúns temas nosos. Ao final, falamos das nosas vivencias e problemas. Aínda que nos saíu un disco máis libre e con menos compromisos.

Os vosos comezos están vinculados ao pub Picolinos.

Si, o noso primeiro concerto foi no pub Non sei da Silva. En 1988 non había moitos grupos de rock en galego e aquilo foi un éxito. Logo veu o de tocar en lugares como o Picolinos en Cerceda e chamáronos doutros sitios. Pero non tocamos moito. Non vivimos da música e nunca nos preocupou moito vivir dela. Se decidimos parar un mes, paramos e non pasa nada. Nunca houbo presións para tocar, no grupo sempre falamos as cousas e non temos problemas.

¿Cal foi o peor ano para vós?

O ano do Prestige, o 2003, foi moi difícil. Co desastre, abandonamos todo. Vivimos un parón enorme porque centrámonos en facer historias contra o desastre. Iso ensinounos a importancia de estar organizados, porque Amelga tiña ordenadores conectados en rede e alí naceu ‘Burla Negra’ que despois derivou en ‘Arredemo’, que logo deu en traballar para a Xunta para xustificala, moi mal.

¿Que supuxo para vós o ‘Prestige’, sobre todo, para ti que colaboraches con ‘Burla Negra’?

O Prestige supuxo o mesmo que o que hoxe sinto cando saio á zona do monte do Castelo, preto de onde vivo, e vexo toda a extensión de monte queimado. É como ver a marea negra, aínda que creo que o do Prestige foi aínda máis impresionante. E agora dise que está solucionado aínda que non se sabe. É como os incendios dos montes: só valoramos a masa forestal perdida pero detrás diso hai moito máis. Poida que nun ano volvamos ver o monte verde, pero xa non vive a mesma diversidade. O Prestige foi un insulto a toda a xente, o que nos levou a todo aquilo.

Creo que para ti aquela situación tivo repercusións porque perdeches o traballo que tiñas en Radio Cerceda.

Si, daquela estaba no poder un alcalde socialista, que, en realidade, podía estar en calquera partido. Cando estaba en Radio Cerceda os problemas xa viñan de hai tempo pero estalaron cando o chapapote se gardaba en balsas pero non se dicía. Entón eu falei claro na radio con moita xente disto e parece que non o soportaron. Así que me botaron porque eu sempre desobedecía as censuras.

¿Con que disco quedas dos doce da vosa carreira?

Eu quedo con este disco. Agora, Edicións do Cumio reeditou hai pouco o noso primeiro traballo, pero daquela eramos inexpertos. Neste disco todo vai ben, son mellores as cancións, máis arranxadas. En Rockanrol gravamos as nosas cancións máis antigas, pero este de Sigue... e dalle é o noso traballo. escoitar un disco sempre é complicado, pero fixémoslo e é o que máis nos gusta.

¿Que grupos vos gustan máis na actualidade ou que bandas seguíchedes?

Nós levámonos ben con moita xente da música en Galicia aínda que sempre tivemos unha relación máis íntima coa xente do rock, pola proximidade. Interésannos as cousas que se fan hoxe pero sempre tivemos relacións con Os Túzaros, que acaban de desaparecer, pero foron un grupo que sempre estivo ignorado, ou con Ruxe Ruxe polo seu estilo que mestura rock con pachangas, punk, un pouco de todo. Pero a estes grupos fáltalles ter máis espazos e conseguir traballos máis profesionais.

Agora vindes de tocar no Festival Rock de Ordes o pasado día 18 e, un día despois, no Festival Arrincadeira de Noia, ¿é o verán o momento no que máis tocadeis?

## “Cantamos en galego porque a lingua non debe ter complexos”

Si, quizais, pero tampouco é algo que nos preocupe moito. Este disco tiñámolo en xuño. Se quixesemos ter máis concertos, deberíamos telo editado en abril e comezar a presentación con vistas ó verán. Pero non nos importa demasiado. Agora vimos de tocar en Verín coa Banda de Poio ou en Ortigueira e temos concertos até setembro. A nós gústanos tocar onde haxa xente que organice festivais que, sobre todo, teñan interese e paguen a pena.

### Rock enerxético e contundente

Zënzar formouse a finais de 1987 baixo o nome de Mordor, que mantivo até o verán de 1993 no que o cambiaron por motivos legais. Cun rock enérxico e contundente, sempre en galego, as súas letras, ás que lle dan moita importancia, son de carácter social e reivindicativo, xunto con outras máis “festivas”. No seu último traballo, Sigue... e dalle, destaca a colaboración á guitarra de Mario Candal no tema ‘Dúrmete xa’, a de Paco Cerceira tamén á guitarra nos temas ‘Arrastrado’, ‘Toma ve’, ‘Doutor’ e ‘Tiven un bar’. Precisamente Paco Cerdeira incorporouse ó grupo para facer as presentacións en directo. No disco tamén participaron as voces de Víctor do grupo ‘Ruxe Ruxe’ e as de Presencia Zero. Entre os seus discos, destacan Disparados ó futuro ou Todo Vai Ben. Zënzar identifícanse polo seu directo que acadou un nivel moi bo, froito dos case vinte anos de experiencia polos escenarios de toda Galicia.